

Instrucións na Seguridade Social sen protocolo que homoxeneíce na AXE

O 13 de decembro tivo lugar unha reunión da Comisión de Igualdade para chegar a un acordo do texto sobre Instrucións de actuación fronte o acoso sexual e acoso por razón de sexo nas Entidades Xestoras da Seguridade Social.

A este respecto, é necesario sinalar previamente que o III Plan de Igualdade publicado no BOE do 1 de xaneiro do 2021 recolle no Eixe 9 o seguinte “elaborar o protocolo de Acoso Sexual e por razón de sexo para a Administración Xeral do Estado como criterio homoxéneo que regule a actuación da AGE no suposto de acoso sexual e acoso por razón de sexo co fin de previr, protexer ás vítimas e poñer fin a esta situacións que viven no seu entorno laboral.

Elevación ó Consello de Ministros para a súa aprobación como Real Decreto”

É lamentable que isto non se levara a cabo tres anos despois -non existe-, e agora esteamos negociando unhas instrucións de actuación fronte o acoso sexual sen ese criterio homoxéneo. Tendo presente ademais que decaerán tan pronto se negocie ese protocolo.

Una vez feito este recordatorio, a **CIG** despois de analizar estas instrucións, fixo unha serie de alegacións dado que consideramos que no recollen os obxectivos que ten que cumprir un protocolo (instrución) de actuación fronte o acoso sexual:

1. A prevención, de feito deberían ser instrucións de prevención e actuación, non soamente de actuación. Polo tanto terían que ter como obxectivo fundamental:
 - a. Informar, formar e sensibilizar a todo o persoal precisamente para que estas situación non se dean nos centros de traballo, dando pautas para identificalas e prevelas.
 - b. Chegar nos centros de traballo realmente a unha tolerancia cero con determinadas conductas e comportamentos.
2. Dispoñer dunha organización específica e medidas necesarias para atender estas situacións cando se produzan.

3. Un procedemento de actuación claro, eficaz e rápido de xeito que as vítimas que teñen que sufrir esta situación, se lles facilite o máximo posible a denuncia.
4. Garantir a seguridade, integridade e dignidade das persoas afectadas.
5. Apoiar en todo momento a persoa que sofre acoso para evitar a súa victimización secundaria e poñer a súa disposición o acompañamento especializado que necesite.
6. Adoptar as medidas cautelares e sancionadoras pertinentes.

Polo tanto a CIG seguirá defendendo un texto que integre estes obxectivos que consideramos imprescindibles en calquera protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.

Seguiremos informando